

CONTRA A VIOLENCIA MACHISTA,
A LGTBIFOBIA E O FASCISMO

8 MARZO

FOLGA XERAL ESTUDANTIL



- Vigo: 12h Farola de Urzáiz
- A Coruña: 12h Obelisco
- Ferrol: 12h Edificio Xunta



Consulta as actualizacións en libresycombativas.net e sindicatodeestudiantes.net

1.125 asasinadas desde o 2003, 43 delas no 2021, segundo datos oficiais. A xustiza patriarcal protexendo aos agresores con sentenzas infames. Milleiros de mulleres pobres e nenas seguen sendo vítimas da trata, da prostitución, da pornografía e dos ventres de alugueiro. Dereitos como o aborto negados sistematicamente na sanidade pública.

Mentres tanto, **o integrismo católico, o PP e a extrema dereita de Vox seguen espaxecendo o veneno da LGTBIfobia e o machismo**, grazas á cobertura política que lles outorga o réxime do 78. E isto tamén se traduce nunha escalada de agresións físicas, mesmo asasinatos, pola nosa orientación ou identidade sexual que quedan impunes.

Contra esta realidade de violencia insoportable e inaceptable, que recruou dramaticamente nestes dous anos de pandemia, **rebelámonos millóns de mulleres traballadoras e mozas**.

Tamén debemos sinalar que **o Goberno PSOE-UP non cumpriu coas expectativas xeradas**. Renunciando a poñer fin aos recortes, sen enfrontarse ao poder da Igrexa, sen tocar os negocios dos proxenetas e asumindo as sentenzas patriarcais, enviando aos antidisturbios para reprimir a protesta social, ou negándose a que a materia de educación sexual inclusiva sexa obrigatoria nas escolas... así non se defenden os dereitos das mulleres!

A loita feminista é antifascista, antirracista e anticapitalista, e está unida á das persoas trans e á do conxunto do colectivo LGTBI. Nunca ninguén nos regalou nada, todos os nosos dereitos arrincámonos coa mobilización.

Por iso, o próximo 8 de marzo **desde Libres e Combativas e o Sindicato de Estudantes** chamamos a tódalas e tódolos estudantes a baleirar as aulas nunha potente **folga xeral estudantil o 8M** e a encher masivamente as rúas nas **manifestacións ás 12h**.

VOLVEMOS ÁS RÚAS!

**Únete ao feminismo revolucionario,
únete a Libres e Combativas!**